



# TESE POLÍTICA

## 1. Novo Galeguismo

O mundo está en constante cambio. Nas fronteiras do que será a maior revolución industrial de todos os tempos, coa imparable chegada da Intelixencia Artificial, as democracias europeas parecen resentirse debido á eclosión de trasnoitados populismos que dan paso a oclocracias. Esta sucesión cíclica de réximes políticos lémbra-nos a advertencia de Polibio no ano 146 a. C.: todo réxime político tende a dexenerase.

A posible eclosión de novos supremacismos islámicos e occidentais confirma o que podería ser o tan temido choque de civilizacións no vello continente. Neste contexto, máis que nunca, necesitamos alternativas contundentes baseadas na ilustración fronte á credulidade, o método científico fronte ao misticismo e boas doses de filosofía. Todo iso debe enmarcarse dentro de democracias sólidas e contundentes. Neste proceso histórico da humanidade, é fundamental que a superación e o esforzo sexan os piares básicos das actuais sociedades acomodadas no benestar, que parecen estar a retroceder en valores.

Como colofón final desta breve introdución, abordaremos a ameaza que nós mesmos creamos: o cambio climático. Esta ameaza non discrimina segundo quen governe ou se a humanidade extinguírase. Hoxe vivimos as consecuencias dunha grave crise climática provocada polos nosos bisavós e tataravós. Trátase dun cambio climático antinatural e perigoso, unha ameaza real para a nosa supervivencia. As sociedades do pasado beneficiouse da queima de combustibles fósiles a unha escala apocalíptica, coma se, nun acto caníbal, decidise devorar os restos fósiles de animais e algas microscópicas que viviron fai millóns de anos.

Que podemos facer os descendentes dos galaicos? Como galeguistas, debemos observar, adaptarnos e actuar neste novo contexto nacional e xeopolítico. Debemos achegar solucións desde a nosa singularidade para o conxunto de España e Europa, deixando a nosa pegada escrita nas páxinas dos sucesos máis importantes da historia da humanidade, da cal formamos parte.

Desde Galicia, debemos construír unha nova definición **dos valores** que se plasmen nunha ferramenta política exportable a toda Europa. Podemos comezar reescribindo e reflexionando sobre o que fixemos ben no pasado recente: **o galeguismo**.

Antón Losada Diéguez (1884 – 1929) quixo poñer en valor o noso talento e a nosa cultura, facéndonos coñecedores de nós mesmos. Tras el, un 12 de outubro de 1923, un grupo de 17 mozos creou o Seminario de Estudos Galegos, desde onde estudarían todo. Foron os precursores da nosa singular “Biblioteca de Alexandría”, que, do mesmo xeito que a orixinal,

tamén sucumbiu diante os ruxidos das bestas primitivas que sempre tentan deter o imparable avance do ser humano.

Naquel maravilloso caldo de cultivo, procreouse a acción política e naceu o **Partido Galeguista** como froito dun suceso imparable de encontros. Os nosos devanceiros recentes legáronnos unha das primeiras organizacións que expresaron a consciencia de Galicia. Agora, como novos galeguistas, somos a continuidade daquela historia truncada, o punto e seguido que enfronta grandes desafíos globais.

Desde a nosa consciencia galeguista, debemos explorar novos camiños no obsoleto mundo das ideoloxías mortas. Debemos hollar entre as sombras da historia ata atopar o eco familiar da civilización celta. Aprendendo dos ensinamentos e a forma de vida dos nosos comúns devanceiros europeos, podemos desenvolver unha nova filosofía. Esta filosofía debe estar fundamentada na presenza dos valores cristiáns e os ensinamentos de Prisciliano. Observando o modo de vida galaico, Prisciliano defendeu a igualdade entre homes e mulleres, avogou pola participación de todos nos órganos de decisión (que por aquel entón eran os templos) e predicou a eliminación da xerarquía eclesiástica.

Como consecuencia de todo o anterior, o galeguismo debe promover, a través da súa principal ferramenta política, o **Partido Galego**, a confederación dos pobos celtas. Isto implica xerar encontros necesarios en todo o arco europeo, comezando polos demais pobos irmáns de orixe celta: Bretaña, Cornualles, Escocia, Gales, Irlanda e Isla de Man.

Unha alianza histórica sen precedentes entre conservadores, demócratas cristiáns, socialdemócratas e liberais co obxectivo de construír a primeira forza política de Europa. Esta nova acción política busca achar solucións á realidade global e europea. A macro organización estaría composta por forzas políticas de diferentes espectros culturais e ideolóxicos, superando as barreiras tradicionais entre dereitas e esquerdas. Todos comparten un nexos común: a defensa e a adaptación do ser humano ao medio ambiente. A democracia, o coñecemento e a igualdade de dereitos e oportunidades entre persoas preséntanse como a fórmula para combater os emerxentes supremacismos.

Este enfoque lévanos a recoñecer a forma de vida dos pobos galaicos e os ensinamentos de Prisciliano. Ademais, promoveremos iniciativas políticas orientadas a construír unha Europa con grandes espazos boscosos, onde o capital refúxiese nos imprescindibles beneficios que achegan as árbores en lugar de en bens de luxo ou especulativos. Tamén avogamos por unha economía de coñecemento avanzado e unha solución enerxética limpa. Frear custe o que custe o cambio climático é crucial para garantir a supervivencia da humanidade. Así mesmo, impulsamos as oportunidades de desenvolvemento entre os países ricos e pobres, a cambio de liberdade fronte ás ditaduras e gobernos corruptos, co fin de frear a imparable e descomunal emigración cara a Europa, integrando unha estratexia para promover iniciativas “en orixe” nos países máis pobres, destinadas a combater a pobreza, como o control poboacional, a autosuficiencia alimentaria, nos eidos educacional e enerxético.

Emerxen diante nós desafíos inquietantes que enfronta o hábitat de Galicia. Atopámonos nun punto de inflexión, onde o sobre envellecemento, o despoboamento e o autoodio son os protagonistas dun drama que ameaza a vitalidade de Galicia. Pero non todo está perdido. No medio destas sombras, albiscamos unha luz de esperanza: a posibilidade dun renacemento que nos leva a reformular as nosas políticas e as nosas accións a través do **rexurdimento do novo galeguismo**. Que é tamén, o orgullo de ser galegos e crer en nós mesmos.

Atopámonos fronte a unha realidade global complexa, onde a desertización do territorio, a fuga de talento e a traizón a Galicia dos deputados electos déixannos sen a esperanza de reclamar as nosas competencias, coas cales poderíamos comezar a atopar solucións integrais

e duradeiras. Xa non podemos seguir ignorando os chamados da nosa patria, nin as necesidades da nosa xente. É hora de actuar, con determinación e visión.

Nas nosas mans está o poder de transformar o panorama de Galicia. Propoñemos un enfoque global, un que abrace a diversificación económica e a revitalización sociocultural. Debemos promover a creación de empregos e oportunidades nas nosas comarcas, atraendo tanto aos nosos mozos, aos descendentes dos nosos emigrantes e tamén a cidadáns internacionais que queiran soñar unha vida como galegos.

Imaxinemos un futuro onde as antigas tradicións entrelácese coa innovación, onde a agricultura, a pesca e a industria camiñen xuntas cara a un horizonte de prosperidade compartida. Pero este futuro non se construírá só. Require da nosa colaboración, da nosa vontade de traballar xuntos por un ben común. Ese é o **novo galeguismo**.

Por iso, hoxe dirixímonos a todos os cidadáns de Galicia, cunha visión de esperanza e renovación. Enfrontámonos a desafíos formidables, pero tamén a oportunidades sen precedentes. Se unimos as nosas forzas e actuamos con determinación, podemos construír un futuro brillante para nosa patria. Non nos conformemos co *status quo*. Atrevámonos a soñar en grande e a facer deses soños unha realidade. Xuntos, podemos escribir un novo capítulo na historia de Galicia, un de crecemento, prosperidade e resiliencia. Adiante, cara a un futuro mellor para todos! A historia obsérvanos e Galicia convócanos!

## 2. O Partido Galego

### **Definición. Galicia, galeguismo e autogoberno**

Galicia precisa ser dona das súas transferencias. O Partido Galego debe ter un papel protagonista na defensa dos intereses dos galegos, promovendo a recuperación ambiental, cultural e económica para fortalecer o benestar de Galicia.

O Partido Galego defínese como un partido de índole netamente galeguista e europeísta. Poñendo como centro do seu espectro político a defensa dos intereses do pobo galego, a nivel social, económico e medioambiental, con respecto absoluto para o resto de nacións que conforman a Europa dos pobos e máis alá. Dito plantexamento sustentase sobre a transversalidade política, na que por contraposición ao dogmatismo da esquerda e da dereita se practique un pragmatismo político en aras de acadar e sustentar un alto grado de autonomía e benestar social, poñendo ao cidadán e a súa liberdade individual como pedra angular e como fin da política en maiúsculas.

Defínense as seguintes liñas de actuación como garantes dun maior autogoberno e por tanto un maior estado do benestar social.

- Posta en valor das institucións e competencias para o autogoberno de Galicia.
- Vocación de relación bilateral con España, e poñendo o noso sempre por diante.
- Adquirir a competencia de todos os portos e aeroportos de Galicia por parte da Xunta.
- Conseguir a plena aplicación do Estatuto de Galicia, adaptado ao marco europeo.
- Desenvolver unha policía autonómica galega con todos os recursos e competencias dentro do ámbito do Estatuto de Autonomía de Galicia.

### **2.1- O PG e a veciñanza**

Para o PG, o individuo precisa de mecanismos políticos que garanten a súa igualdade de oportunidades, dentro das súas diferenzas, é un principio sobre o que non cabe debate algún, facéndose preciso levar a cabo todo o esforzo para que sexa

un feito en tódalas facetas do noso día a día. No que por suposto se engloba a defensa do galego, da súa promoción, da súa divulgación e internacionalización, como aposta firme polo enriquecemento cultural propio e da nosa contorna.

## **3. Cando Europa se chamou Galicia**

### **3.1- GALICIA en Europa**

A historia da Nación Galega é a historia de Europa. Unha terra moldeada polo bruar da marusía atlántica e unha identidade xurdida da simbiose de todos os pobos do continente que floreceron no noso granítico chan, xermolando unha identidade única e unha lingua propia. Da cultura neolítica á indómita castrexa, que fixo dos galaicos donos do mar e señores de Eire. Da inexpugnábel resistencia contra o Imperio Romano na derradeira fronteira, alén do *Limes*, no *Finis Terrae*, que preferiu a morte do que a escravitude, á cristianización do territorio. Da simbiose pagá, á asimilación wotanista do primeiro reino articulado de Europa, Suevia. E das herexías de raíz céltica do Priscilianismo e o Arianismo, a unha fe católica única, creadora dunha idiosincrasia propia, esotérica e supersticiosa nesta aínda máxica Terra.

Galicia foi a espada da *Res publica christiana*, o recanto nos confíns da inmensidade onde se condensaron todos os valores europeos, unha nación nada da simbiose do continente. Da rexia defensa contra da invasión musulmá, á firme afouteza contra dos ataques viquingos. Cando Europa se esvaecía, vivía só a través do fío de esperanza que inzaba a soñada Compostela aos trobeiros das trobas. Europa resistiu nun camiño ao Reino de Galicia, e polos carreiros que conduciron a Santiago agromou unha cultura imorrente que se fai inexplicábel sen nós.

Unha Nación que soubo ser solidaria, que recolleu no seu seo aos refuxiados das invasións nórdicas desde a Idade Media. Un pobo cosmopolita ao que peregrinaban as máis egrexias persoas. Unha terra cobizada por potencias que non comprenderon o noso indomábel carácter, sometida por casteláns, ingleses e franceses, pero que obstinada, nunca renunciou a súa identidade. Un país maltratado e esquecido que se viu abocado á emigración, pero que nunca se olvidou das súas orixes, cinguido por un amor inexplicábel á terra. Un Reino preeminente en Europa na procura da gloria aldraxada.

É hora de tanxer as campás novamente. De erguer bruantes cantos. De facer a nosa historia e de recuperar o noso papel no continente que axudamos a preservar. É tempo de comprender que Galicia non é máis a fin do mundo, senón o centro do mar e a irmandade transoceánica entre América e Europa. É tempo de facermos donos do noso destino nesta Europa que un día se chamou Galicia, desde esta Galicia que en tempos foi a Europa toda.

### **3.2 GALICIA. SECTOR PRIMARIO (a capital do mar)**

O noso país é unha **potencia mariñeira, agrícola e gandeira. A Política**



**Agraria Común (PAC), e a Política Pesqueira Común (PPC), son de crucial importancia para o tecido económico e empresarial galego, onde o sector primario dentro da cadea de valor, un posto de traballo xera tres indirectos, polo que representa o 6%, máis realmente estamos a falar de case o 20%.**

Tras a pandemia do COVID é estratéxico ter autonomía alimentaria en chave de País e sobre todo en chave europea.

Para comprender o calado do sector primario galego en Europa cómpre reflectir algúns datos:

Galicia é a **primeira potencia pesqueira de Europa**. Somos a rexión europea líder en peixería de peixe para o consumo humano.

O **70%** da produción pesqueira total de España e o **10%** da produción de Europa é galega.

O noso país ten a **maior frota pesqueira da Unión Europea**. 15.200 barcos, cun esmagador peso das embarcacións de artes menores (85.75% da frota).

Galicia é a **primeira potencia de Europa grazas a posuír a mellor calidade de materia prima e ter unha forte tradición conserveira**.

Galicia non só é un referente Europeo na acuicultura, senón que é a **segundo produtor máis importante do mundo, despois de China**. O que en cifras supón 3.337 bateas arredor da costa galega, que representan máis de 225.000 toneladas de mexillón. Para entendermos, o equivalente a dez mil coliseos romanos en mexillón. Unha industria que prové 20.000 postos de traballo. Galicia posúe a primeira DOP dun produto do mar “mexillón de Galicia”

Todas as autoridades portuarias galegas medran nunha media do ca. **12%** anual. Sendo o de Vigo un dos portos pesqueiros máis preeminentes de Europa. Galicia ten a maior lonxa do Atlántico, e unha das máis importantes de Europa.

Galicia é un referente Europeo e mundial no mundo do peixe conxelado, contamos con un dos mellores escaparates a nivel mundial, cada dous anos reúnen en Conxemar os maiores distribuidores, elaboradores e produtores do mar, situando a Galicia no centro do mundo. Este subsector move en torno aos 8.000 postos de traballo no País.

Temos que defender os nosos intereses ante a Unión Europea. Galicia ten que aumentar as súas **cotas pesqueiras**. Somos a **primeira potencia mariñeira de Europa**. Precisámolo e merémolo.

Hai que rematar co trato indigno ao que nos somete a Política **Pesqueira Común** (PPC). Para facermos unha idea, a Unión Europea recortou a cota pesqueira do xurelo na frota galega do Gran Sol das **70.000 toneladas** de captura no ano **2022**, á ridícula cifra de **3.200 toneladas** en **2023**. É necesario unha nova visión e polo tanto unha nova proposta sobre as capturas, un novo enfoque dos descartes. Tamén unha clara priorización da pesca para o consumo directo, xa sexa fresco, refrixerado ou conxelado, sobre a pesca para transformados en fariñas e derivados.

Do mesmo xeito, debemos reclamar axudas para a **modernización das nosas embarcacións**. Galicia ten a **maior frota pesqueira de Europa**, pero tamén a **cuarta máis envellecida**. Os barcos galegos teñen unha media de **35 anos**. Para poñelo en contexto, a media de idade da frota do País Vasco é de **16 anos**. Por seguridade e por xustiza, o **principal produtor mariñeiro de Europa** ha de contar con **axudas para a súa renovación**. É necesario volver a revisar a

política común dos TRBs para adaptala a este século onde vivimos e máis as particularidades da nosa flota, permitindo a **renovación en condicións favorables, xa sexan pesqueiros ou auxiliares**

Cómpre erradicar as prohibicións que atanguen ao **palangre galego**, recoñecida como a arte de pesca máis sostíbel, e que fixo minguar as capturas da nosa frota nun **40%**. **Abonda de que a Unión Europea sexa a ruína do noso mar.**

Galicia esta a **piques de perder a experiencia na construción artesanal de buques de Madeira “Carpinteiros de Ribeira”**, podéndose perder non só un patrimonio cultural marítimo, senón tamén unha construción sostible e duradeira. Outros países Europeos tentan recuperar a súa propia tradición máis xa é demasiado tarde para eles. Debemos promocionar de forma axeitada a conservación deste oficio.

### **3.3 GALICIA. SECTOR PRIMARIO (Agro. O teto de Europa)**

- **Os pastos Galegos fan que o noso leite posúa a mellor calidade** estrutural de Europa, sendo a novena produtora en volume.
- O principal destino **do noso leite o comercio Europeo. Ademais as nosas empresas están entres o grupo de maior crecemento de Europa.** Arredor do **65%** do total das exportacións galegas ten como destino final a Unión Europea (UE).
- Galicia ten unha balanza comercial positiva. Exporta por valor de ca. **21 millóns** de euros mentres que tan só importa por valor de ca. 17 millóns de euros.
- Do mesmo xeito, Galicia é a segunda comunidade autónoma do Estado Español cun maior peso de venta ao estranxeiro, representando o **43%** do PIB galego.

É momento de defender e aumentar a **Denominación de Orixe (DO) galega**. Estamos atendendo na actualidade a feitos deshonorosos que poñen en perigo a calidade e produción do sector primario galego. Exemplos son a adxudicación para a produción de uva albariño en lugares como Cataluña. Somos potencia na produción de tenreira, pataca, millo e unha infinda listaxe de materias primas chave que a Unión Europea debe protexer.

**A palabra Galicia comercialmente é un signo de máxima calidade a nivel mundial.** Debemos protexela, coas armas que nos entregou a unión europea; debese fomentar en tódolos eidos as DOP (Denominacións de Orixe Protexida), e dicir protexer ó noso produto, fomentado que a poboación se poida asentarse no país. E **dotalos dunha OP (Organización de Produtores)** para que se organicen mellor en as condicións laborais e polo tanto poidan vivir mellor.

Finalmente, esiximos o **veto da entrada** no mercado europeo de produtos agrícolas e pesqueiros de países **extra-comunitarios**. É necesaria a introdución de **barreiras arancelarias proteccionistas** para preservar a **calidade de vida** dos nosos produtores, a nosa economía e os estándares de excelencia da nosa alimentación. O **dumping** comercial está abocando ao sector primario galego a un empeoramento da calidade de vida, facéndose insostíbel a longo prazo.

É necesario que as restricións e obrigacións impostas aos produtores pola unión europea se lle apliquen aos produtos importados dentro unión europea; que nos marcos dos convenios sobre importación **non usen uns produtos en troques de outros como moeda de cambio**. E no caso daqueles que se empregaron como moeda de cambio **crear aranceis que redunden sobre a produción afectada.**

### **3.4 GALICIA. ENERXÍAS RENOVÁBEIS (a vangarda enerxética)**

Galicia é unha nación sometida a un **espolio enerxético** ao que hai que poñer fin. O noso país produce **sete veces máis enerxía da que consume**, e iso non se traduce en ningunha vantaxe fiscal ou beneficio económico.

Do mesmo xeito, Galicia está á vangarda europea en **enerxías renovábeis**. Somos a **terceira rexión de toda Europa** cunha maior cota de enerxía renovábel. Galicia avanza cara a **autosuficiencia enerxética de produción renovábel**, representando hoxe o **65%** da enerxía que consume o país (sendo desta un **44%** eólica).

A produción enerxética galega está en constante crecemento, contribuíndo maioritariamente á produción enerxética do Estado Español, que a súa vez ocupa a **segunda posición en Europa** respecto da produción renovábel, soamente por detrás de Alemaña.

Debemos e podemos **afianzar a nosa posición en Europa** aínda máis a través da incipiente enerxía eólica mariña. Temos as capacidades para facelo. A **enerxía eólica** mariña atópase nas primeiras etapas de desenvolvemento (representando o 10% da enerxía eólica da Unión Europea), e Galicia debe xogar un papel central nela.

**Apostar por enerxías máis limpas como a mareomotriz, hidróxeno verde e outras, debe ser un constante reto político.** Apostamos pola introdución de políticas que permitan un retorno altamente cualitativo e cuantitativo, atendendo ao principio que os recursos naturais: auga, sol, vento, terra... no que respecta a explotación enerxética deben revertir no pobo que sustenta a existencia de País, polo tanto o equilibrio entre os entes privados e público debe estar protexido, ao tempo que as políticas medioambientais e de sustentabilidade totalmente garantidas.

### **3.5 GALICIA. MINARÍA (fonte de riqueza e problemas)**

Desde tempos antigos, gregos, cretenses e fenicios arriscaron a vida nas rutas comerciais ás Illas **Casitérides** (actuais Cíes, Ons, Sálvora, Sisargas, Arousa, etc.), pola extracción do **estano**, fundamental para a produción de bronce logo da súa aliaxe co cobre. Castrexos e romanos explotaron extensivamente o **ouro** e a **prata** galaicos, e do chan galego agroma chumbo, grafito, antimonio, carbón, ferro, lignito, piritas, estano, lousa e granito. A Mina da Pontenova foi unha das máis importantes da Península Ibérica e Sargadelos foi a primeira fundición do Estado. Pero é un elemento o que cambiou o devir de Galicia e se fai hoxe fundamental en Europa, o volframio. A zona cero do volframio foi durante a Segunda Guerra Mundial San Fins de Lousame e Casaio, onde forzas do Eixo e Aliadas competían pola súa extracción, fundamental para a blindaxe militar.

Hoxe en día o volframio atópase na **listaxe de materias críticas estratéxicas para a Unión Europea** xunto co cobizado litio. Até o momento, as minas de volframio activas máis importantes de Europa situábanse en Rusia, pero a Guerra de Ucraína freou a exportación á Unión Europea.

Apostamos pola regulación e control das empresas adxudicatarias, que condicións deben cumprir de solvencia económica, historial de cumprimento medioambiental, procedencia mercantil, etc.

O condicionante do 51% de capital público galego, a través do IGAPE ou outras entidades que poidan operar ao estilo dun banco público con garantía de retorno directo as contas da Xunta e por tanto fiscalización pública das mesmas.

Medidas a incorporar na ética empresarial tratándose de un recurso natural e por tanto con clara vinculación co ámbito público da súa procedencia, garantindo a gratuidade de enerxía doméstica e un % para as empresas, na contorna directa dos sectores directamente afectados.

### **3.6 GALICIA: Capital da industria atlántica**

O noso país é **potencia industrial en Europa** e berce dalgúns dos grupos empresariais máis importantes do **mundo**. Galicia está á vangarda comunitaria:

O sector secundario representa o **18%** do PIB galego, dous puntos por encima da media do Estado Español, cunha cifra practicamente idéntica á de Francia.

O sector industrial galego destaca na produción **téxtil, automobilística, naval e tecnolóxica**, contando coa **maior potencia de moda de Europa** e a **maior empresa en capitalización bolsista de España**.

**Lalín** é recoñecida como unha das **capitais europeas da moda**.

Galicia acumula o **34%** do total de exportación téxtil do Estado Español e produce a **metade de todas as exportacións** alimentarias do estado. De cada dous produtos que exporta España, un é galego.

O tecido industrial galego segue a medrar e ser pioneiro en Europa. A Coruña acollerá a sede da *Axencia Española de Intelixencia Artificial (AESIA)*. A provincia de Ourense estase erguendo como un polo de referencia da **industria aeroespacial**. Lugo consolídase como foco de produción e despregue da industria de **drones**. E finalmente, a *Axencia Galega de Capacidades* traballa no potencial tecnolóxico-industrial de Galicia no tocante á **Intelixencia Artificial**, a **minería**, a **transición ecolóxica** e a **soberanía estratéxica da Unión Europea**.

É vital que a Unión Europea apoie a atracción de **capital e inversión estranxeira directa** no noso país. Esa é a mellor maneira de loitar contra a **despoboación** xeneralizada, a redución do desemprego e a capacitación dun **capital humano** con mellores condicións de vida que fagan de Galicia un **polo económico e industrial referente a nivel mundial**.

É necesario afianzar as inversións en **ciencia e I+D+i** nas áreas industriais de Galicia, sobre todo no rural. As empresas galegas radicadas nas **áreas industriais deprimidas**, como ás do Polígono da Reigosa, ou o Carballiño, **dinamizan o rural galego e artellan o** territorio. Esa é a mellor axuda que podemos recibir da Unión Europea para afianzar os núcleos de poboación no noso país, caracterizados por pautas habitacionais moi dispersas.

A inversión económica nas empresas do país é a mellor loita contra a demotanasia institucional á que é sometida Galicia:

Desde o ano 1986 o noso país perdeu 200.000 habitantes.

Pasamos de representar o 10% do Estado Español no ano 1900 a un



5% na actualidade.

No ano 2023 soamente 2 concellos de 315 tiñan máis nenos que xubilados (Ames e Salceda de Caselas).

Na provincia de Ourense viven hoxe menos persoas das que vivían durante a Primeira **Guerra Mundial**. Ca. o **80%** de Galicia perdeu poboación.

Estes desastrosos datos demográficos non se corresponden cun troco nas pautas habitacionais senón cun plan de demotanasia orquestrado polas institucións galegas, españolas e europeas. Nós apostamos por combater a pirámide demográfica máis invertida e urxente de España a través da **promoción das Provincias Orientais** respecto do *Eixo da Apenove* a través da inversión económica en todas as empresas que desde o rural de Galicia non só resisten senón que son referencia en Europa. Somos un pobo de artistas, de emprendedores e de loitadores e temos que reclamálo no Parlamento Europeo. Galicia ha de ser unha nova Suíza ou Luxemburgo, e non un territorio reducido a dous polos, A Coruña, e Vigo, que baleiran o resto do país.

Cómpre termos unha voz da galega holística en Europa que reclame o valor da nosa xente e da nosa industria.

### **3.7 Galicia. Polo tecnolóxico e Centro Estratéxico Industrial.**

#### **O cultivo do cáñamo, unha oportunidade económica**

##### **Introdución:**

O cultivo do cáñamo é **unha práctica milenaria que deixou pegada na historia da humanidade**. Desde os seus orixes nas antigas civilizacións ata o seu rexurdimento na era moderna, o cáñamo demostrou ser unha **planta versátil e chea de potencialidades**. A súa historia está entrelazada coa evolución da sociedade, a **economía e a ecoloxía**. Neste estudo, exploraremos os diversos aspectos do cultivo do cáñamo, desde a súa historia ata os seus usos contemporáneos, co obxectivo de comprender a súa relevancia no contexto actual e o seu potencial para o futuro.

##### **1. Historia do cultivo de cáñamo**

O cultivo do cáñamo ten unha longa historia e unha gran versatilidade en todo o mundo. Desde os seus orixes en Asia Central, onde era usado para tecer telas e para fins médicos, ata a súa propagación por Europa grazas aos movementos de tribos nómades. En España, foi introducido polos árabes no século XII para a produción de papel e desde entón, a súa produción foi crescendo. A pesar das prohibicións impostas durante o século XX, especialmente nos Estados Unidos, o cultivo do cáñamo mantívose en España e Francia para usos industriais, como a obtención de fibras téxtiles e pasta de papel. **En Galicia, coa súa riqueza natural e experiencia agrícola, hai un potencial para integrarse plenamente na industria do cáñamo, contribuíndo á transición agrícola e ecolóxica do século XXI**. A nivel mundial, países como China están investindo fortemente nesta planta, recoñecendo o seu potencial económico e industrial.

##### **2. Principais usos do cáñamo**

Os usos do cáñamo abranguen diversos campos, **desde a alimentación até a industria e a medicina**. Na alimentación, as súas sementes son unha fonte rica en nutrientes e ácidos graxos esenciais. Na cosmética, o aceite de cáñamo é apreciado polas súas propiedades hidratantes e nutritivas para a pel e o cabelo. As sementes tamén se empregan para a extracción de aceites esenciais e para a produción de suplementos alimenticios. En canto aos usos industriais, todo o resto da planta é aproveitado en múltiples aplicacións: na industria téxtil para a obtención de fibras, na construción para a fabricación de materiais de construción e illamentos, na automoción e aeronáutica para compoñentes leves e resistentes, na celulosa para a produción de papel e na fabricación de **biocombustibles e bioplásticos**.

Ademais, o cáñamo tamén se utiliza en outros complementos como pellets, aillantes, acolchados, entre outros. No ámbito medicinal, as propiedades curativas do cáñamo son amplamente recoñecidas, especialmente desde o descubrimento do sistema *endocannabinoide* no ser humano polo Dr. Raphael Mechoulam no ano 1984, o que abriu as portas para considerar a planta de *Cannabis sativa* L. como unha potencial cura para unha ampla gama de enfermidades humanas.

### 3. Motivacións

O cáñamo ofrece numerosos beneficios que o converten nun cultivo altamente eficaz e sustentábel. A través das súas raíces, mellora as condicións do solo sen esgotar a súa fertilidade e controla o crecemento de herbas daniñas. **As follas e as raíces, ao caer no chan, restauran os nutrientes extraídos durante o ciclo de cultivo, contribuíndo ás melloras do solo.** A súa capacidade para promover a biodiversidade e controlar a erosión do solo faíno ideal para a agricultura ecolóxica. Ademais, o cáñamo é un potente fixador de carbono, **absorbendo grandes cantidades de CO2** atmosférico e axudando a reducir a pegada de carbono. En canto á súa adaptabilidade ao medio rural galego, o cáñamo prospera nas condicións climáticas da rexión, ofrecendo un ciclo de cultivo rápido e rendible sen a necesidade de moito coidado ou rega. **O seu potencial como cultivo sustentábel e rendábel faíno especialmente atractivo para a economía circular e o desenvolvemento rural de Galicia.**

### 4. Conclusión

**O cultivo do cáñamo en Galicia non só é unha oportunidade económica, senón tamén un compromiso co desenvolvemento sostible e a mellora do medio rural.** O noso obxectivo é establecer un proxecto que non só xere beneficios económicos, senón que tamén promova a creación de emprego e a revitalización das comunidades locais. Cremos firmemente que **o cáñamo pode ser un motor para o cambio positivo en Galicia,** contribuíndo á construción dunha comunidade próspera e sostible, onde as persoas e a natureza poidan coexistir en harmonía.

## 3.8 GALICIA: Cédula de universalidade

Desde tempos inmemoriais o nome de Galicia ergueu grandes sentimentos. De medo, de grandeza, de misticismo, de recoñecemento. O noso país foi espada da cristiandade, anseio daqueles que morreron polos valores xudeu cristiáns que forxaron o continente. Foi o orgullo e a derradeira lembranza dos que entregaron a vida pola idea de Europa. O sentimento europeo vive no camiño de Santiago, na Catedral de Compostela, nas pedras milenarias que debuxan o noso territorio e na inmensidade do mar do que fomos donos. Da singradura pola que levamos a bandeira da nosa cultura alén do coñecido.

A simpatía cara o Reino de Galicia por parte de amplas personalidades mundialmente recoñecidas de carácter académico e socio-político non debe sorprendernos, xa que esta nosa terra foi en tempos un reino de suma importancia en Europa. O **primeiro** articulado **da historia**, unha nación recoñecida pola *Sociedade das Nacións* (SdN), precursora da ONU. E é por iso polo que moitos gustarían ver como avanzamos cara a liberdade furtada.

En tempos anterigos **fomos a fin do mundo.** O espiritismo do cabo máis ao oeste do continente. Pero **hoxe somos o centro do mar.** Temos todas as características para converternos nunha **rexión chave en Europa.** Galicia ha de ser o **punto de unión e o símbolo da fraternidade Europea-americana.** Fomos un reino, fomos unha potencia. E o seguimos a ser. Non podemos permitir que nos fagan de menos. **Galicia ten que xogar un papel primordial na Unión Europea.**

A Bruxelas, desde esta Galicia que en tempos foi a Europa toda. Polos que foron, seremos.

## 4. Sectores públicos garantes do estado do benestar

O “**público**”: No **PG** defendemos un sector público que sustente e garanta á cidadanía unha sanidade e unha educación públicas e de calidade. Facendo fincapé na eficacia e na eficiencia da xestión dos recursos públicos, evitando o malgasto e a práctica de políticas arbitrarias e coxunturais. Cunha xestión pública sobre a base da competitividade do sector privado con especial apremio pola dotación de servizos demandados e non existentes.

Traballamos por un sector público forte, moderno, dinámico e progresivo. Con especial fincapé na eliminación daqueles organismos que non aportan valor á cidadanía, que presten servizos redundantes coas distintas administracións do país ou coa iniciativa privada. Fusionando plataformas de acceso á administración e simplificando e reducindo trámites co gallo de dar un servizo máis áxil e intuitivo á cidadanía.

O sector público debe garantir a igualdade de oportunidades, ao igual que debe velar polo cumprimento de tódolos deberes que como cidadanía nos autoimpomos para manter o estado de benestar, contribuíndo á súa mellora continua.

No **PG** defendemos a xustiza social e a igualdade dentro das nosas propias diferenzas persoais, sen discriminación de ningunha clase por motivos de crenza, procedencia, cultura, xénero, ou calquera outro motivo que pertenza ao ámbito individual da persoa. Entendemos que cada individuo no seu exercicio persoal debe ter ambición profesional e/ou empresarial para estimular o seu propio benestar e contribuír á riqueza xeral do país, polo que o sector público debe prestar un pulo especial a autónomos e PEMES, maiores contribuíntes ao PIB do país (65%).

## 5. Sectores privados. A esencia para o esforzo persoal e a solvencia do público

O “**privado**”: Ten que ser o gran motor da economía, para o que dende o sector público débenselle brindar todas as ferramentas que o possibiliten. Debe, por tanto, a súa achega para a sustentación do sector público, ser directamente proporcional e escalable a súa xeración de recursos, vinculados a onde estes son xerados (a ovella é de onde nace, pace ou tributa?). Débese favorecer o libre mercado e a libre competencia, axudando a que isto sexa real e se consolide como práctica habitual, evitando unha alta inxerencia impositiva que logo é contraprestada de modo dirixido a través da concesión de préstamos e subvencións, o que ten como corolario a inxerencia do público en competencias que deberían ser patrimonio de xestión do sector privado.

É pois o posicionamento do **PG** o dunha defensa da economía social de mercado, na que aínda sendo o sector privado a quen lle corresponde a iniciativa e dinamismo como motora do progreso económico, o Estado manteña un papel director, garantindo a igualdade de oportunidades e corrixindo os desequilibrios e desviacións que se teñen producido en economías desreguladas en prexuízo do benestar da sociedade nomeadamente o deterioro nas condicións económicas, medioambientais e sociais básicas da cidadanía, sobre todo en sectores vitais para a nosa sociedade hoxe en día, a saber; a sanidade, o enerxético, o subministro de servizos públicos, as telecomunicacións... Evitando así, que sexa logo o propio Estado, ou calquera administración pública quen teña a responsabilidade de asumir as súas eivas, ineficiencias ou desleixos de xestión con cargo ao erario público.



Traballamos no PG por unha economía galega, forte, ben estruturada e internacionalizada, cimentada sobre o maior autogoberno posible para o país, que facilite dende o micro dar solucións e crear valor a nivel macro, fortalecendo os elos de toda a cadea produtiva e de valor do país. Cunha visión sinérxica de todos os nosos sectores produtivos e das “core competence” galegas, que son moitas e infrautilizadas.

## **6. O “estado do benestar”:**

No PG Traballamos no fortalecemento dos alicerces que constitúen a base mesma do estado do benestar (vivenda, traballo, alimentación...).

Dende a igualdade de oportunidades, garantidas polo Estado, como ente con capacidade para a intervención en sectores estratéxicos como a enerxía ou as telecomunicacións, para deste xeito dotar dunha cobertura real ás necesidades básicas de toda a cidadanía recollidas e amparadas pola Constitución e a Declaración de Dereitos Humanos.

A cooperación como medio de conseguir obxectivos sociais elevados sobre o beneficio individual, namentres a libre competencia sexa executada se esta é realmente competitiva e libre.

O estado de benestar como garante das nosas liberdades individuais, fronte a posicionamentos extremistas de orde político, relixioso, económico ou de calquera outra índole.

Postúlase pois o PG como un engraxe preciso e necesario para a defensa do estado do benestar do noso país en colaboración co resto de nacionalidades de España e de Europa, prestando o seu amparo na defensa da cidadanía fronte as prácticas abusivas de certos grupos oligopolísticos, de certos lobbys e monopolios que supoñen unha ameaza directa para a libre competencia, o libre mercado e o propio sistema económico no que desenvolvemos a nosa actividade produtiva.

Consideramos como aspectos referentes na consecución dese necesario estado do benestar os seguintes:

- Blindaxe dos servizos universais e de calidade, fomentando melloras no seu financiamento e eficiencia. Sistema educativo, sanidade, servizos sociais, renda básica para persoas desempregadas a nivel europeo e sistema de pensións público.
- Asegurar atención á terceira idade, a dependencia e a dispersión poboacional característica de Galicia
- Activar novas leis que velen pola igualdade no sentido estrito, evitando calquera discriminación.
- Rematar coa multiplicidade de órganos no ámbito das emerxencias en Galicia, englobando e unificando os servizos de bombeiros, extinción forestal, GES e 061 nun único de xestión directa pública.
- Posto de Mando Único e Coordinado cos profesionais dos ámbitos da seguridade, emerxencias, transporte sanitario e salvamento marítimo na AXEGA-112.3

## **7. Ecoloxía e medioambiente. Un piar básico para un País sustentable**

O PG defínese como un partido ecoloxista nun entorno de cambio de climático



que xa non deixa opción a non encarar o problema con valentía, solvencia e rapidez (entroncando cun dos puntos estratéxicos da UE, a transición ecolóxica). É por iso, que non só temos que implementar a implantar accións de grande calado nun curto período de tempo, senón que temos a obriga de facelo establecendo un modelo económico de xeito holístico, onde a acción nun sector económico favoreza aos que configuran a estrutura económica do País, traballando en rede con transmisións de valor entre eles onde se xere un efecto multiplicador e dinamizador da economía, sinerxias de país.

Non hai cabida para a aposta por sectores que nos priven do dereito a desfrutar dun entorno non hostil para os galegos e para os nosos descendentes, debendo a política primar, favorecer e auspiciar aquelas actividades que axuden a garantir e recuperar a rica biodiversidade do país, namentres se grave directamente a aquelas actividades nocivas, a aquelas que atenten contra a biodiversidade, contra a contorna, contra a paisaxe ou contra a nosa flora e fauna.

Os países con maior calidade de vida (moi ligado á propia riqueza económica) son aqueles onde máis se respecta o medioambiente e ás especies vexetais e animais propias, que constitúen un recurso e unha fonte de riqueza inestimable e inesgotable (ben xestionada) e de axuda a preservar a nosa propia existencia.

Convértese en prioritario pois para o PG a defensa da nosa singularidade natural e paisaxística así como do noso patrimonio cultural e arquitectónico, constituíndo o alicerce sobre o que vertebrar unha economía verde, circular, responsable, que teña ao individuo como fin e a xeración de riqueza como medio.

## **8. Rural. Amplo territorio de Galicia, debe ser motor económico e vivencial**

O Partido Galego aposta por un rural de calidade e con posibilidades, facendo que a nosa dispersión poboacional non sexa unha debilidade senón unha fortaleza.

O rural debe ser fonte de ingresos, tanto nos primeiro sector (agrícola, gandeiro, extractivo) coma no sector terciario explotando o noso turismo. Para acadar iso deben facerse inversións no rural para modernizalo e facer posible que a xente poida vivir, traballar e botar raíces no rural.

O rural ten que ser sinónimo de calidade de vida, nunha sociedade acelerada con cada día máis doenza vinculadas ó estrés, o rural ten que ser o remedio natural ó que todos queiran achegarse, e si a xente volve o rural, reactivarase a economía circular e de proximidade, recuperaranse as edificacións tradicionais, conseguírase volver a conectar á xente coa terra e coas nosas tradicións.

O rural tamén é sinónimo de produción, temos moito terreo sen aproveitar, debemos poñer en valor esa riqueza.

Os nosos montes teñen un gran potencial, aínda que actualmente hai unha tendencia as plantacións desordenadas de eucaliptos e as masivas instalacións de parques eólicos.

Dende o Partido Galego queremos darlle aos nosos montes a importancia que teñen e ver a posibilidade de sacarlle rendemento evitando no posible o monocultivo.

Apostamos pois por un Plan de Aproveitamento dos montes que non é o mesmo que un plan forestal, pois os nosos montes poden producir moito máis que madeira.

Consideramos que as plantacións ordenadas poden xerar beneficios económicos para os galegos e galegas, polo tanto neste senso o que propón o PG é que estea en Galicia todo o proceso de produción dos derivados do eucalipto, de forma que a parte da transformación e venda final do produto poida ser controlada no país; actualmente Galicia produce a madeira que se compra a un prezo cada vez máis baixo e a parte que da a ganancia económica xestiónase noutros países coma Portugal.

Tamén hai que entender que cada zona do país é distinta e que non se pode xeneralizar, pois na Mariña danse boas condicións para plantar eucalipto, mentres que en Ourense danse condicións para outros fins como oliveiras, castaños, etc.

Temos pois que buscar a economía circular no sector primario xerando emprego e controlando as ganancias reais que producen os nosos montes.

Existe unha alternativa válida para poder explotar os montes e evitar os riscos de incendios, trátase da Paisaxe de Mosaicos que é a organización dos terreos de forma que se planten diferentes cultivos, así pois si temos de lado dunha plantación de madeira unha plantación de outro produto non forestal, isto fará que en caso de incendio haxa unha vía de extinción máis doada e eficiente.

Tamén se podería expoñer dende o goberno alternativas de produción asegurando a súa comercialización, deste xeito faríase un aproveitamento efectivo do monte, reactivaríase o rural e crearíanse postos de traballo.

Tamén temos que contar co aproveitamento integral do monte. En base a isto consideraremos como produción primaria tanto a produción forestal como calquera outro derivado dos montes, isto quere dicir que durante o tempo que temos que esperar para poder cortar unha árbore, temos alternativas de aproveitamento da mesma, como pode ser a resina nos piñeiros, as producións micolóxicas, rutas de sendeirismo, etc.

Mais alá do aproveitamento forestal e de plantas tamén haberá que ter en conta o aproveitamento de animais que se alimentan dos terreos (cabalos, vacas, cabras, ovellas, porcos ...) si temos o monte ben coidado estes animais alimentaríanse dos pastos e producirían carne da mellor calidade, ecolóxica e con animais non expostos a estres.

Así pois debemos de ter uns montes multifuncionais e de aproveitamento complementario.

Tamén é importante valorizar a importancia da captación e fixación de O<sub>2</sub>, os nosos montes teñen un valor altísimo na fabricación de O<sub>2</sub>, somos un gran pulmón que mais cedo que tarde terán que valorar. Sobre a produción de oxíxeno está contemplado na Axenda Europea 2030 dentro dos obxectivos de desenvolvemento sostible,

Reactivación de todo tipo de actividade económica vinculada ao sector agroforestal, primando a completar os ciclos produtivos.

Aproveitamento e coidado dos servizos ecosistémico ou servizos ambientais, estes son os recursos que benefician ós seres humanos. A avaliación dos Ecosistemas do Milenio (EM) organizada polas Nacións Unidas no ano 2005 agrupados nas seguintes categorías:

- Aproveitamento: como a produción de auga e alimentos
- Regulación: control do clima e das enfermidades
- Apoio: para os ciclos de nutrientes e polinización de cultivos
- Cultural: beneficios espirituais e recreativos.

Debemos destacar a importancia dos humedais, apenas protexidos en Galicia,

e que son os responsables da subministración de auga doce, alimentos e biodiversidade, control de crecidas, recarga de augas subterráneas e mitigación do cambio climático.

A perda e degradación dos humedais que estamos a ter, tradúcese nun enorme impacto social e económico como son: o aumento do risco de inundacións, diminución da calidade da auga, impactos negativos sobre a saúde, a identidade cultural e os medios de subsistencia.

A Xunta de Galicia despregará todos os seus recursos (da Consellería do Medio Rural as entidades adscritas, os centros de investigación, os laboratorios, os centros de formación, a oficina virtual do Medio Rural, etc) de forma democrática e transparente informando a todos os propietarios de terras agro-forestais.

Os inxentes recursos institucionais e as diferentes fórmulas de xestión deben ser coñecidas por toda a poboación, a xestión das terras, a maiores das diferentes normativas legislativas dispoñibles é imprescindible poñer andar os mecanismos para reconcentrar as terras alí onde nunca antes o foran, e alí onde se volva a demandar polas circunstancias especiais da zona.

As famosas concentracións parcelarias, e outras fórmulas de xestión das terras como as UXFOR, Agrupacións Forestais de Xestión Conxunta, etc, deben servir xunto aos recursos anteriormente citados para que nun período curto de tempo non superior a 5 anos se poidan resolver as terras pendentes de reconcentrar e as pendentes de xestionar de forma cooperativa ou conxunta baixo as diferentes opcións legais ou empresariais.

## **9. O Mar. A extensión marítima que fai que Galicia sexa unha potencia mundial**

A política do Partido Galego con respecto ao mar debe centrarse en tres pilares básicos que son:

### **9.1. Política pesqueira**

Esta o ser común na CEE hai que priorizar que as demandas e obxectivos que lles propoñamos sexan atendidos polas autoridades europeas. E por outra banda se deben buscar acordos con outras rexións ou países para atopar sinerxias que nos leven de ser unha potencia a ser a gran potencia que fomos.

Outra fonte de unha gran riqueza son as nosas rias das que extraemos o marisco mais valorado do mundo. Por iso debemos coidalas, limpalas, eliminar a contaminación e os vertidos de residuos perigosos.

Tamén debemos loitar contra o furtivismo, respectar as vedas, e fomentar a sementa de crías.

A industria mexilloneira e outro dos grandes sectores, o mais importante do mundo, tanto en produción (bateas) como en elaborados (fábricas de conservas). E merecedor polo tanto de falcitalrle na medida do posible os mecanismos humanos, materiais e económicas, ademais de apoialos nos acordos os que chegan cos países para instalar fabricas e facilitarlles que se axilicen os tramites e a burocracia que iso implica.

A acuicultura e outra das grandes fontes de riqueza pola calidade da auga e do placton das nosas augas, e polo tanto debemos aproveitar esta ventaxa e explotala, pero non de forma indiscriminada, senón estudando cada proxecto e a zona onde se vai a establecer, de forma que non afecte o medioambiente nin o entorno.

E por último pero non menos importantes esta a pesca de baixura ou de litoral, que tamén e moi importante xa que aporta traballo e riqueza a moitos pobos da costa, e que esta en declive. Por iso hai que fomentar medidas para reflectir a situación, como poden ser a construción de vías de comunicación, peiraos, lonxas, barcos máis seguros, etc. Sen esquecernos da comercialización, prohibindo vender a prezos por debaixo do custe de produción, que é o que di a Lei da Cadea Alimentaria.

### **9.2.- Construción Naval**

Temos os mellores astelleiros e os mellores profesionais do mundo neste aspecto, e non podemos permitir perder máis cotas de mercado senón buscar aumentala, chegando a acordo cos países e industrias navais diferenciándonos da competencia, en que ninguén produce barcos como nos (ben sexan de defensa, trasatlánticos, de recreo ou de pesca) coa mellor relación calidade prezo do mercado.

### **9.3.- Enerxía eólica e maremotriz**

Os tempos que estamos a vivir nos están ensinando a importancia de ter e ser independente na produción de electricidade, pero de fontes limpas que coiden o noso medio ambiente. E por iso debemos establecer leis que o protexan e normas a hora de instalar nos mares, e nunca dentro das nosas rías, os muiños de vento ou a maquinaria necesaria pra producir electricidade mareomotriz (cas mareas ou co movemento da auga do mar).

## **10.- Cultura e Patrimonio. Os piares da nosa identidade**

Partido Galego quere mostrar o seu máis firme compromiso coa cultura galega e co idioma que sustenta a dita cultura, a lingua galega. Nas últimas décadas estamos vendo que dende algunhas institucións públicas estase desleixando o patrimonio histórico e cultural da Galiza en beneficio da cultura castelá, que non é propia do noso país.

Polo tanto, o noso partido promoverá a potencialización tanto directamente a través do seu traballo nas institucións públicas como apoiando iniciativas económicas ou de calquera outra forma a todo tipo de entidades privadas que teñan por finalidade a promoción e a difusión da lingua e cultura galegas.

Por suposto, así mesmo faremos fincapé en potenciar as nosas relacións tanto a nivel cultural coma noutros eidos coa Lusofonía xa que, debido á proximidade entre o galego e o portugués, ábrenos as portas á comunicación cunha comunidade de 270 millóns de falantes.

O noso patrimonio arquitectónico e paisaxístico como piares básicos e fundamentais da nosa cultura, de feito, o único elemento recoñecido pola Unesco como Patrimonio Cultural Inmaterial de Galicia é a "pedra en seco", que é unha técnica construtiva

A lusofonía supón un primeiro chanzo na potencialidade de desenvolvemento do mundo da cultura e a sitúa como valor estratéxico de desenvolvemento económico.

potencial creador nos diferentes eidos, non só literarios senón tamén audiovisuais, musicais ou das artes plásticas conta cunha base sólida de creadores e profesionais que contan con un importante recoñecemento internacional e non só mediante galardóns.



Para o PG é importante conformar un organismo que internacionalice a produción cultural dos creadores do país e que artelle proxectos de colaboración internacional.

Unha potente rede de circuítos musicais, teatro, exposicións, etc, pode facer ademais o noso país un punto atractivo de visita para os interesados neste eido.

Consideramos que é importante repensar a política cultural, introducindo beneficios fiscais aos propietarios de bens catalogados, que permitan o acceso ao público para o seu coñecemento e que actúe como incentivador de actuacións de mecenazgo, sen esquecer o papel promotor que debe ter o Goberno Autónomo.

Unha nova política de patrimonio que considere o conxunto construído do país como un todo interconectado e non unha amalgama de edificios e construcións máis ou menos pintorescos, xa que o patrimonio cultural construído ou inmaterial é expresión de como os que habitaron este territorio se relacionaron co medio e entre eles.

Esta visión global patrimonial, no entanto, non é algo estático, senón dinámico como é a sociedade en continuo cambio.

Se algo non se cuestiona é o papel fundamental que toda manifestación cultural pasada, presente ou futura ten para o galeguismo, xa que non se pode esquecer como foi precisamente esa necesidade de interconexión coas vangardas de principios de século o que levou ao galeguismo a acadar a transversalidade social xa dende os seus comezos e ata a actualidade.

E non debemos esquecer a importante e rica produción literaria e de memoria oral que sen dúbida pode ser cerne para producións culturais noutros formatos.

## **11.- Banca Pública. Un recurso que beneficie ao empresariado e asalariado**

Ante un ciclo de subidas de xuros, endurecemento e restrición no crédito, e posiblemente ante o inicio dunha recesión, o IGAPE (Instituto Galego de Promoción Económica), ten que actuar como dinamizador da economía galega.

Faise necesario:

- Apertura de liñas de financiamento a autónomos, microempresas e pymes, a tipo de xuro subvencionado, para proxectos de emprendemento, novas inversións produtivas, de aforro enerxético, de instalación de enerxías renovables e de redución de emisións de CO<sub>2</sub>.
- Actuando o IGAPE tamén como garante, nos proxectos correspondentes a sectores considerados como estratéxicos para Galicia.
- Liñas de financiamento subvencionado para familias e

comunidades de propietarios, para inversión que fomenten a instalación de enerxías renovables.

- Financiamento subvencionado para a segunda oportunidade de vivendas en núcleos rurais, e en vilas nas que o seu censo poboación este en decrecemento.

## **12.- Urbanismo e Ordenación do Territorio. Bases do presente e futuro de Galicia**

### **12.1.- Urbanismo e Ordenación do Territorio**

**a)** A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias exclusivas en materias de Ordenación do Territorio, Urbanismo e Vivenda.

Debemos asumir, pois, que todo o feito neste eido dende os primeiros anos 80 é responsabilidade e consecuencia das nosas propias decisións.

O feito de ter competencia exclusiva nesta materia, permite a posibilidade de implantar políticas autónomas, pensadas para o noso territorio e para o noso benestar.

Abonda dar unha ollada polas diversas contornas do país para nos decatarmos de que as respostas dadas aos retos de desenvolvemento das décadas de autonomía semella que non teñen producido resultados todo o positivos que desexamos.

Unha posible causa diso pode ser que o marco legal permite iniciativas que o marco mental dos gobernantes e técnicos implicados nos procesos de decisión, proxecto e materialización vense limitados por inercias ou prexuízos que restrinxen a posibilidade creativa e innovadora que o estatuto de autonomía pon ao noso dispor.

Lembremos que as administracións galegas competentes, que nos períodos de autonomía estiveron en mans da Alianza Popular, o Partido Popular e nos períodos de gobernos de coalición, recaeron en cargos do PSOE, víronse limitadas pola falta de visión de país, con iniciativas mediatizadas polas súas direccións centrais.

De aí a posible explicación a como o planeamento urbanístico non foi mais que un continuísmo descentralizado do marco xeral fixado pola lexislación estatal, agás simbólicas interpretacións da mesma.

**b)** O Planeamento Urbanístico, mantén metodoloxías nadas da primeira lei estatal de 1954, sen ter en conta avances como a utilización dos sistemas de análise da información xeográfica para a toma de decisións, quedando reducida a memorias previas sen repercusión real no desenvolvemento territorial.

A lexislación do solo segue a promover a redacción de complexos Plans Xerais de Ordenación, que demoran na súa redacción no tempo, con retrasos e paralizacións continuos.

A súa ambición reguladora de lexislacións de todo tipo, entra inevitablemente en conflitos locais porque non son flexíbeis ás peculiaridades locais. O que leva á paralización e abandono durante o

proceso de redacción.

O desenvolvemento territorial renunciou durante demasiado tempo a facer da participación cidadá un recurso e unha potencialidade que podería dar axilidade e coherencia á elaboración do planeamento, lonxe de posicións as veces excesivamente burocratizadas e orientadas cara intereses de parte.

Esta participación cidadá sería máis áxil cunha coherente formación e coñecemento da realidade territorial, difundindo recursos e estudos que axuden a coñecer o medio, pois só dende o coñecemento da realidade se pode avanzar en políticas eficaces e eficientes.

**c)** Outro problema que identificamos é o da excesiva proliferación de normativas sectoriais de todo tipo temos como resultado unha complexidade innecesaria á hora de poder aplicar unha lexislación clara nos procesos de autorizacións administrativas. Non son as peculiaridades de cada concello quen provoca esta complexidade, senón a propia amplitude da normativa aplicábel, que pretende abarcar todas as casuísticas. Esta rixidez impide a flexibilidade precisa para a súa aplicación en contornas diversas.

Consideramos que é importante proceder a unha limpeza e simplificación normativa, que evite a formación de núcleos independentes e descoordinados de poder regulatorio.

**d)** Outro exemplo que amosa a pouca efectividade da planificación territorial témolo na Lei de Ordenación do territorio de 23 de novembro de 1995. Esta lei previa a elaboración das DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO. Porén, non é ata Febreiro de 2011 cando se aproban as devanditas directrices.

Entre tanto unha morea de plans sectoriais, redactados ao abeiro legal desa lei, como o eólico, de parques industriais ou aproveitamento de concas hidrográficas, inzou o país de iniciativas desconectadas, desvencelladas dunha análise real de necesidades e por riba mesmo dos intereses das comunidades locais.

O resultado desta falta de coordinación nas intervencións territoriais é un incoherente proceso de explotación dos recursos territoriais que levan á materialización de proxectos e iniciativas incoherentes e contraditorios, sendo causa de problemas e perigos consecuentes.

**e)** Por exemplo a instalación de plantas de gas no interior das rias, a escasos metros de vilas e comunidades rurais con alta densidade de poboación, no canto de procurar localizacións máis seguras, e mesmo aproveitando antigos terreos previstos para iniciativas falladas.

A explotación de canteiras de lousa en espazos protexidos, implantacións de forte impacto medioambiental, só visual senón químico e biolóxico provocado polos seus detritos. Máis rechamante e incongruente cando asemade estes espazos naturais son publicitados como atractivos turísticos.

Tamén podemos subliñar como incoherente planificación territorial o monocultivo de determinadas plantacións que, de feito, farán

diminuí-lo seu valor ou doutro xeito, que este quede ao arbitrio da parte compradora.

**f)** Esta falta de planificación, coordinación de iniciativas diversas no mesmo espazo territorial no que poden entrar en conflito, e o non emprego de criterios ecolóxicos e medioambientais que estas iniciativas poden ter nos espazos naturais, alén das propias para as comunidades locais son as causantes, sen dúbida da grave descompensación que se produce entre as distintas comarcas, onde xa non se pode falar de desenvolvementos a dúas velocidades, senón de desenvolvemento dunha zonas e estancamento e retroceso noutras.

**g)** Os galeguistas traballamos por unha política territorial coherente, pensada nas comunidades locais, con criterios de desenvolvemento económico e social unido ao da sustentabilidade medioambiental como garante do progreso futuro,

**h)** Durante todos estes anos de Autogoberno podemos constatar como problema de fondo nas distintas administracións o mantemento do paradigma centralista, baseado en estruturas radiais e visións centralistas e subalternas das políticas estatais centralizadas na capital do estado, o principal elemento que impide o desenvolvemento de políticas verdadeiramente autónomas, orientadas ao interese do país e o seu desenvolvemento como tal.

Abonda para comprender como de feito non mudou nada no ordenamento territorial, urbanístico nin de vivenda nestes anos e como se sigue a manter (mesmo potenciar) a estrutura administrativa herdada das leis de trasposos de funcións e servizos da administración estatal a Galicia, alá polos ano 85 do século pasado.

**i)** Proba do anterior témolo no mantemento dos organismos provinciais (agora chamados delegacións da Xunta) como xestores reais das políticas públicas, e principal atranco á creación de equipos comarcais multidisciplinares que fosen quen de aplicar, analizar e corrixir a política xeral aplicada a cada comarca, incluso propoñendo modificacións puntuais de normativas na procura dunha maior eficiencia e eficacia na función principal da lexislación que non é outra que a mellora da calidade de vida dos galegos.

**j)** Os galeguistas acreditamos na comarca, como unidade fisiográfica e cultural o auténtico eido no que implementar as políticas xerais, e onde estas se deben adaptar á peculiaridade de cada unha. Galicia é unha unidade, si, pero cunha diversidade e riqueza territorial que debe ser tida en conta na aplicación flexible da lexislación xeral.

Acreditamos na función social do Urbanismo como unha constante no desenvolvemento do país ten que articularse baixo parámetros rigorosos do que se entende como público que primen dereitos fundamentais da sociedade como o acceso á vivenda e baixo á acción prioritaria de protección do medio ambiente.

Os galeguistas somos conscientes de que a utilización do solo debese artellar como ben que garanta tanto o desenvolvemento económico do país como o seu uso social, patrimonial e o dereito á paisaxe e aos valores



culturais da nosa comunidade. Estas constantes son o berce dun urbanismo social, sostible e igualitario que desterre vellas políticas de depredación ao servizo duns poucos intereses espurios. A bagaxe da corrupción urbanística que vivimos nos últimos anos ligado ao uso do solo, non por parecernos xa superada, debe facernos esquecer que o custe pode ser moi alto e de longas consecuencias.

Simplificación lexislativa, modernización dos procedementos na toma de decisións e cambio de paradigma dunha mentalidade centralista cara outra nidamente autónoma son os eixos básicos para desenvolver a reforma administrativa e de toma de decisión neste campo sempre orientados cara a protección do medio rural, o seu desenvolvemento tecnolóxico, o favorecemento de políticas urbanísticas correctoras en áreas degradadas, a valorización urbanística das aldeas con servizos de calidade que fixen poboación e o dereito á paisaxe e a protección da cultura inmaterial.

### **12.2.- As vilas e aldeas do interior**

As nosas contornas rurais están a sufrir problemas serios que teñen como consecuencia o despoboamento.

Este non só supón unha serie de problemas a nivel persoal senón tamén unha perda de capacidade produtiva e medre como colectividade.

Os problemas serios para persoas que viven no campo podemos identificalos en perda das escolas locais, centros de saúde e locais sociais de atención a poboación no amplo espectro xeracional. Aínda que os máis afectados son as persoas maiores, tamén o son aquelas que se ven forzadas a abandonar ese medio pola falta de servizos.

A supresión de servizos por parte das administracións supón que as persoas novas a miúdo non teñen posibilidade algunha de elección mais que afastarse lonxe das súas familias e comunidades.

O sector servizos como as tendas, asesorías ou pequenos talleres sofren a presión deste despoboamento e vense obrigados ao peche.

Prodúcese asemade unha perda cultural en forma de patrimonio construído, tradicións, etc.

A política de desinversión, diminución do investimento e o desmantelamento dos servizos públicos de proximidade que sigue a administración autónoma fomenta o despoboamento. Nin transporte público e quen de ofrecer para facilitar a mobilidade son quen de implantar.

Os galeguistas apostan incondicionalmente polas persoas que aínda viven en zonas despoboadas, presentando propostas que en principio freen o despoboamento e nunha segunda fase, revertan a situación fundamentándose na posta en valor económico das terras e recursos de que dispón, pensando en primeiro lugar nos habitantes locais, e fomentando o asociacionismo e cooperativismo (tanto na produción tivo como na comercialización) coma motor para levantar de novo estas zonas do devalo ao que están sometidas.

Para todo-los cidadáns, vivan onde vivan, os servizos públicos locais

terían que ser alcanzábeis e accesíbeis.

Queremos unha Galicia rural que volva a ser viva e aberta, multixeracional e con economías dinámicas.

Os galeguistas representamos toda as necesidades das nosas comunidades rurais, estamos orgullosos do País e estamos dispostos a traballar arreo para lle dar nova vida.

Precisamos en primeiro lugar servizos de proximidade, a Oficina de correos a oficina bancaria, o centro de saúde, Un punto da administración que permita realizar trámites (nomeadamente telemáticos), colexio-gardería ao xeito das antigas escolas unitarias, son básicos para o mantemento dunha comunidade viva.

Servizos de transporte público adaptado ás necesidades de cada comunidade.

Os nosos labregos e o aproveitamento dos recursos agrarios son fundamentais para garantir a soberanía alimentar, xerar unha rede económica rendíbel, que sexa quen de garantir a conservación do patrimonio natural eliminando os riscos de incendios debidos a terreos abandonados ou explotacións forestais fóra de control.

Non se trata de dar esmolas, trátase de recibir un pago xusto polo seu traballo.

Promoveremos que labregos e consumidores consigan un prezo xusto para a produción alimentaria, fomentando o asociacionismo cooperativo que cree un mercado alimentario independente e regulado.

Unha caixa rural activa garantizará e asegurará a liquidez das granxas e unha rede de formación mellorará as técnicas produtivas e facilitará conformar unha nova xeración nova de labregos.

### **12.3.- As vilas mariñeiras**

Se ben a Comunidade Autónoma de Galicia non ten competencias en materia de costas e recursos mariños, o Estatuto de Autonomía regula a súa transferencia.

Os procedementos legais amosan deste xeito esta flexibilidade necesaria á hora de permitir que a nosa Comunidade Autónoma se poda dotar dos mecanismos precisos para un eficiente uso de seu autogoberno.

A costa galega, en lonxitude a máis extensa de todas as comunidades autónomas, ten un papel fulcral no desenvolvemento das vilas e aldeas espalladas ao longo da súa costa, que teñen, precisamente no mar que a arrodea, interior (rias) e exterior ( as 200 millas de soberanía) a fonte fundamental do seu sustento.

Do mesmo xeito que os labregos, os mariñeiros galegos veñen sostendo unha relación de simbiose co medio mariño que lles da sustento que fai desa relación unha singularidade económica, social e por extensión cultural se non único de seguro singular a nivel europeo.

Así por exemplo, a nova regulamentación da unión europea en materia pesqueira, amosa a necesidade de que os intereses dos

mariscadores e mariñeiros galegos estean representados de seu, tendo en conta a súas necesidades, sen verse afectados polas cacicadas que os partidos políticos estatais podan desenvolver segundo os seus calculados intereses “globais de estado.”

Polo tanto urxe a transferencia de competencias neste eido e a partir dela, ordenar e implementar políticas que dean solución aos desafíos do século XXI coma o cambio climático, a explotación pesqueira sustentábel e os aproveitamentos enerxéticos que as novas tecnoloxías poden ofrecer e que sen dúbida poden ir alén da irreflexiva instalación de parque eólicos mariños, no canto aproveitamentos da forza mareal, como tradicionalmente teñen amosado as instalacións industriais espalladas por todo o litoral de aproveitamentos deste recurso natural, e sempre vencellando, a súa rendibilidade, ao desenvolvemento das entidades locais.

Os avances tecnolóxicos e novas circunstancias coma os efectos do cambio climático, fan estratéxica a asunción destas competencias.

Queremos unha Galicia mariñeira que se manteña viva e aberta, multixeracional e con economías dinámicas.

Os galeguistas representamos todas as necesidades das nosas comunidades mariñeiras, estamos orgullosos do País e estamos dispostos a traballar arreo para mantelas fortes, dinámicas e expansivas.

### **13.- Transición ecolóxica e dixital. Concepto de ecoloxía social**

Situar Galicia como referencia a nivel político, social e tecnolóxico no proceso de transición ecolóxica e dixital, un reto necesario a implicarse, no que a humanidade verase inmersa nas seguintes décadas.

- Política azul para a Galicia Verde - Auga é un ben público que debe protexerse e usarse de forma sostible, tanto en cantidade como en calidade. O obxectivo é previr e reducir a contaminación, fomentar un uso sostible da auga, protexer o medio acuático, mellorar a situación dos ecosistemas acuáticos e paliar os efectos das inundacións e as secas.
  - Fomentar conciencia ecolóxica, xestión de residuos e a biodiversidade.
  - Erradicar e controlar especies invasoras (todo tipo de pragas).
  - Protección e benestar animal dende o raciocinio e sen supremacismos.
- Promover o uso de enerxías renovables pero garantindo que se faga dunha forma organizada e racional, garantindo sempre un retorno para o noso pobo

### **14.- A sanidade pública**

#### **-Introducción:**

A saúde é un dereito irrenunciabile.É un problema colectivo que depende de moitas variables,nas que as individuais,non son as máis importantes,xogando factores ambientais,socioeconómicos e culturais,un papel predominante.

Para o Partido Galego a política sanitaria ten que ir máis aló do aspectocurativo,e ter

en conta os aspectos preventivos, curativos, de rehabilitación e reinserción social, a formación do personal e a investigación. So así se acadara un nivel individual e colectivo de saúde. A limitación que houbo nos últimos anos no acceso ós centros de saúde, ás consultas (moitas delas telefónicas), produce un deterioro da relación médico-doente; as esperas de dez e máis días, fan que se abandone a prevención e a rehabilitación.

#### **14.1 -A atención primaria motor do cambio necesario:**

A atención primaria en Galicia non ten a financiación suficiente e iso fixo que nos últimos anos o deterioro fora continuo e se chegara a actual situación.

Financiación insuficiente que trae, sobre todo, unha falta de profesionais absolutamente necesarios para o desenvolvemento dunha política sanitaria racional e acorde coas necesidades da sociedade actual.

Na atención primaria son necesarias máis médicos, máis enfermeiras e máis pediatras. Pero tamén cada día se precisan de outras categorías profesionais como son: psicólogos, psiquiatras, fisioterapeutas, terapeutas e traballadores sociais, para ter unha atención primaria de máis calidade e de máis capacidade resolutive.

Continúan véndose nas consultas moitos problemas mentais (depresión, ansiedade...) que non teñen a resposta axeitada por falta de recursos humanos e de tempo, pois iso é un dos graves problemas no día a día, a falta de tempo a adicar ós doentes do sistema sanitario.

A cronificación dos doentes, o incremento da idade media dos doentes, trae consigo un incremento e un esforzo adicional importante para o persoal do sergas que lóxicamente repercute na atención do día a día e trae consigo un estrés laboral moi acentuado nos últimos anos.

O goberno do Partido Popular, nin empregou os presupostos necesarios para reforzar a atención sanitaria no momento preciso, nin planificou os recursos necesarios para unha atención de calidade, acorde coas necesidades da poboación e dos tempos actuais. Non se pode admitir que a día de hoxe, haxa en Galicia dúcias de concellos que non teñan médico e/ou enfermería para atender ós usuarios.

Está demostrado cientificamente ca relación médico-doente de calidade (tempo adecuado e frecuencias) trae emparellada menor taxa de mortalidade, a redución de ingresos hospitalarios, a redución das desviacións a especialistas. Iso trae a maiores consigo, contención do gasto sanitario e maior calidade de vida para os usuarios.

A política do Goberno Galego actual, invita a que boa parte da poboación que se o pode permitir economicamente acuda á privada para evitar esperas excesivas e que cubra as carencias de determinadas categorías profesionais da sanidade pública.

É por iso que o Partido Galego, aposte clara e decididamente por unha atención primaria integral que potencie a promoción, a prevención e a rehabilitación, que sexa accesible, que permita a consulta presencial en 48 horas e que dispoña dos equipos multidisciplinares necesarios para así rematar coa presión asistencial actual que tantos problemas acarrea á poboación.

#### **14.2 -Sanidade pública, sanidade para todos:**



Temos que rematar dunha vez por todas coa política de concertos que tanto gusta ó Partido Popular e que fai perder recursos públicos á sanidade pública.

O privado fagocita o sistema público con concertos, con centros privados que levan unha “mordida” moi salientable que sería convinte para unha boa sanidade pública galega.

O gasto farmacéutico, continúa descontrolado; esternalízanse (privatízanse) servizos estratéxicos do Sergas que son necesarios e imprescindibles para controlar e avaliar o sistema.

O Consello de Contas, recórdalle ó Sergas e ó goberno do P.P que non é adecuada a política de concertos e que coa súa opacidade e oportunismo, dan datos gratuitos a empresas privadas, non existe

transparencia na xestión e nos acordos, dando, concesións a empresas utilizando a “autorización de uso” ou o “contrato menor” para saltarse a regulación existente.

O Consello de Contas, organismo público e que non é precisamente un arriete contragubernamental, recórdalle ó goberno do P.P a contratación coa privada de xeito irregular, xa que fracciona grandes contratos en multitude de contratos menores para así enmascarar que os adxudica directamente “a dedo”.

O Partido Galego defende o reforzamento da sanidade pública e do servizo galego de saúde, que debe pasar por:

- 1- Programar, distribuir e controlar o gasto sanitario.
- 2- Planificar a asistencia sanitaria, a curto, medio e longo prazo.
- 3- Responsabilización de educación sanitaria (centros de ensino) e da formación do seu persoal.
- 4- Establecer a política axeitada de investigación.
- 5- Xunto ás organizacións sindicais e profesionais redefinir o papel da “adicación exclusiva” o sistema sanitario, pola súa transcendencia no comportamento laboral e asistencial.

Esto anterior remataría na práctica coa política do P.P de reducir os presupostos para a sanidade pública dos últimos anos, rematar coa política laboral precaria, de contratos temporais, inestabilidade laboral... O Partido Galego esixe claridade e transparencia.

O Partido Galego defenderá para rematar co desmantelamento do sistema sanitario público, as seguintes medidas:

1: Incrementar o orzamento sanitario sobremaneira, na atención primaria, evitando “fugas” económicas ó sector privado, racionalizando o gasto farmacéutico e evitando a derivación sistemática a centros concertados privados de doentes, que non sempre precisan ditos desvios.

2: Incrementar o persoal necesario na atención primaria, previo estudo rigoroso das necesidades reais, cousa non feita nos últimos anos.

Incorporar novas categorías: psicólogo, logopedas, fisios...

3: Millorar a dotación técnica e equipamentos rematando coa limitación ó acceso a probas de diagnóstico.

4: Incrementar a carteira de servizos na atención integral ó cidadán. É urxente unha boa atención integral buco-dental comenzando a facela efectiva desde a poboación infantil.

5:Auditar a situación das residencias de maiores e aprobar unha lei galega de residenciais que contemple unhas órganos democráticos derepresentación de usuarios e familias,garante de calidade dos recursos,os cuidados,a hixiene,a alimentación e o respecto total aos dereitos humanos,nas residencias de maiores,como prioridades.

6:Transformación das áreas sanitarias como espazo para a coordinación e xestión integrada da atención primaria,hospitalaria,saúde pública e atención á dependencia.

7:Poñer en marcha un plan urxente para racionalizar as listas de espera hospitalarias,poñendo a funcionar os centros a pleno rendimento de mañás e tardes e non pechando camas para aforros malintencionados.

8:Recuperación para o público dos servizos privatizados: información,historia clínica,receita electrónica,central de chamadas...

9:Elaboración do plan de saúde mental que dote ó sistema sanitario público de recursos e persoal axeitado e que garanta a presenza de profesionais de saúde mental na atención primaria (Psicólogos clínicos).

10:Reformulación da adicación exclusiva ó sistema sanitario público,consensuada cos axentes sociais e rigorosidade na acreditación especializada en todos os contratos.

11:Reorientación do sistema sanitario cara o modelo comunitario e participativo que garanta unha atención integral e que actúe eficazmente sobre os determinantes da saúde.

12:Millorar a eficiencia,eficacia e calidade da atención sanitaria dacordo coa evidencia científica e o consenso social e profesional.

13:Actividade plena nos hospitais públicos (voluntaria e benremunerada).

14:Política de personal incentivadora e rematar coa precariedade laboral no sistema.

Dende o Partido Galego,estamos convencidos que unha política sanitaria máis eficaz e de máis calidade é posible e que para ter un país democrático forte e próspero é preciso ter unha saúde forte e un futuro esperanzador.

\*\*\*\*\*